



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 6 DE FEBEIRO DE 2026**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 84/2026 do 05.02.2026)

**INTERVENTORA:**

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:48 horas do día 6 de febreiro de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose o estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 23.01.2026**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 23.01.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000012 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.02.2026, que literalmente di:

**“INFORME – PROPOSTA**



**Asunto: RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000012 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.**

Visto que con data 23.01.2026, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación dos seguintes recibos de lixo (Expte 2026/X999/000012):

**“PRIMEIRO:** ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

| Nº FIXO      | ID. VALOR              | REF. CATASTRAL | ENDEREZO TRIBUTARIO | TITULAR | NIF/CIF | EXERCICIO | COTA (€) |
|--------------|------------------------|----------------|---------------------|---------|---------|-----------|----------|
| 253000642304 | 20223515022RL01R000316 |                |                     |         |         | 2022      | 62,40 €  |
| 253000642304 | 20233515022RL01R000748 |                |                     |         |         | 2023      | 65,00 €  |

“

Detectado erro na identidade dos titulares dos recibos (suxeitos pasivos).

Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

*“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2026, no tocante ao expediente 2026/X999/000012, onde dí:

|                |
|----------------|
| <b>TITULAR</b> |
|                |
|                |
|                |

Debe dicir:

|                 |
|-----------------|
| <b>TITULAR</b>  |
| BANCO SANTANDER |
| BANCO SANTANDER |

2.- Notificar o presente acordo aos interesados.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

### 3. RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000013 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.02.2026, que literalmente di:

#### “INFORME-PROPOSTA

**Asunto: RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000013 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.**

Visto que con data 23.01.2026, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación dos seguintes recibos de lixo (Expte 2026/X999/000013:

**“PRIMEIRO:** ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

| Nº FIXO      | ID. VALOR              | REF. CATASTRAL | ENDEREZO TRIBUTARIO | TITULAR | NIF/CIF | EXERCICIO | COTA (€) |
|--------------|------------------------|----------------|---------------------|---------|---------|-----------|----------|
| 253000642138 | 20253515022RL01R004433 |                |                     |         |         | 2021      | 49,63 €  |
| 253000646117 | 20253515022RL01R004154 |                |                     |         |         | 2021      | 68,64 €  |
|              |                        |                |                     |         |         |           |          |

“ Detectado erro na identidade dos titulares dos recibos (suxeitos pasivos).

Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

*“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordó da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2026, no tocante ao expediente 2026/X999/000013, onde dí:

**TITULAR**

ALISEDA S.A.



Debe dicir:

| TITULAR         |
|-----------------|
| BANCO SANTANDER |
| BANCO SANTANDER |
| BANCO SANTANDER |

2.- Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

#### 4. RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000015 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.02.2026, que literalmente di:

#### “INFORME – PROPOSTA

**Asunto: RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000015 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.**

Visto que con data 23.01.2026, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación dos seguintes recibos de lixo (Expte 2026/X999/000015):

**“PRIMEIRO:** ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

| Nº FIXO      | ID. VALOR              | REF. CATASTRAL | ENDEREZO TRIBUTARIO | TITULAR | NIF/CIF | EXERCICIOS | COTA (€) |
|--------------|------------------------|----------------|---------------------|---------|---------|------------|----------|
| 253000644076 | 20213515022RL01R000315 |                |                     |         |         | 2021/2022  | 68,64 €  |
|              | 20223515022RL01R000318 |                |                     |         |         |            |          |

“

Detectado erro na identidade dos titulares dos recibos (suxeitos pasivos).



Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

*“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2026, no tocante ao expediente 2026/X999/000015, onde dí:

|                |
|----------------|
| <b>TITULAR</b> |
|                |

Debe dicir:

|                 |
|-----------------|
| <b>TITULAR</b>  |
| BANCO SANTANDER |
| BANCO SANTANDER |

2.- Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

#### **5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000032**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.02.2026, que literalmente di:

#### **“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000032.**

#### **ANTECEDENTES**

##### **Datos ben inmoible:**

**Enderezo:**

**Ref. catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000729048**

**Exercicio: 2020**



**Primeiro.** Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 5, expte. 2021EXP35032412, en datas 02.02.2026 e 03/02/2026 e nº de rexistro de entrada 202690000000132 e 202690000000139, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación do exercicio 2020.

**Segundo.** Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2020, por non ser correcto o suxeito pasivo.

**Terceiro.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.



## V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

## VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2020, segundo o Catastro, son os seguintes:

| REF. CATASTRAL | ENDEREZO | TITULAR | NIF/CIF | DERECHO           |
|----------------|----------|---------|---------|-------------------|
|                |          |         |         | PROP.<br>(50,00%) |
|                |          |         |         | PROP.<br>(50,00%) |

## VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2020 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

| Nº FIXO      | ID. VALOR                  | REF. CATASTRAL | ENDEREZO<br>TRIBUTARIO | TITULAR | NIF/CIF | EXERCICIO | COTA (€) |
|--------------|----------------------------|----------------|------------------------|---------|---------|-----------|----------|
| 253000729048 | 20203515022RL01R00574<br>0 |                |                        |         |         | 2020      | 91,32 €  |

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2020 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

| Nº FIXO | ID. VALOR | REF. CATASTRAL | ENDEREZO<br>TRIBUTARIO | TITULAR | NIF/CIF | EXERCICIO | COTA (€) |
|---------|-----------|----------------|------------------------|---------|---------|-----------|----------|
|---------|-----------|----------------|------------------------|---------|---------|-----------|----------|



|                  |                            |   |   |   |      |         |
|------------------|----------------------------|---|---|---|------|---------|
| 25300072904<br>8 | 20203515022RL01R00574<br>0 | " | " | " | 2020 | 91,32 € |
|                  |                            | " | " | " |      |         |

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2020 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN DE PATCHWORK DE CEDEIRA CON NIF G70205182. EXPEDIENTE: 2026/G006/000026**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000026

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN DE PATCHWORK DE CEDEIRA CON NIF G70205182.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOCIACIÓN DE PATCHWORK DE CEDEIRA con NIF G70205182.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades realizada pola ASOCIACIÓN DE PATCHWORK DE CEDEIRA con NIF G70205182.





**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada, unha vez xustificada a subvención, 696,97 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC CULTURAL BUXAINAS CON NIF G15544018. EXPEDIENTE: 2026/G006/000027**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000027

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC CULTURAL BUXAINAS CON NIF G15544018.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades realizada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada, unha vez xustificada a subvención, 926,97 € correspondente á subvención destinada a actividades e 424,28 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. CEDEIRART CON NIF G70734496. EXPEDIENTE: 2026/G006/000028**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000028

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. CEDEIRART CON NIF G70734496.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada por CEDEIRART con NIF G70734496.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada por CEDEIRART con NIF G70734496.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 683,03 € correspondente á subvención destinada a actividades e 312,63 € destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION DE VECIÑOS SANTA MARIA DE REGOA CON NIF G15288228. EXPEDIENTE: 2026/G006/000030**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

**“Expediente:** 2026/G006/000030

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACION DE VECIÑOS SANTA MARIA DE REGOA CON NIF G15288228.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada por ASOCIACION DE VECIÑOS SANTA MARIA DE REGOA con NIF G15288228.

Visto o informe favorable con observación sde Intervención de data 02 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: *“Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 2729,56€ na área de actividades e, tendo depositada unha garantía por importe de 822,43€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 822,43€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de actividades, 11,87€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 810,56€ na área de actividades”*.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada por ASOCIACION DE VECIÑOS SANTA MARIA DE REGOA con NIF G15288228 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 810,56 € correspondente á subvención destinada a actividades e 376,43 € destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

| Nº Operación | Fase | Fecha      | Aplicación | Importe |
|--------------|------|------------|------------|---------|
| 320250000516 | SIA  | 01/01/2025 | 20510      | 11,87€  |



**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION MARES DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G70429527. EXPEDIENTE: 2026/G006/000031**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000031

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION MARES DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G70429527.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

O 11 de xullo de 2025 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación Mares de Cedeira.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION MARES DE CEDEIRA para o exercicio 2025 con NIF G70429527.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 6.000,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION ECUESTRE A CRINA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15936719. EXPEDIENTE: 2026/G006/000037**



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000037

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION ECUESTRE A CRINA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15936719.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

O 30 de outubro de 2025 asinou o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Ecuestre A Crina. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 03 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Ecuestre A Crina para o exercicio 2025 con NIF G15936719.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.050,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**12. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, CON NIF G15812530 PARA O ANO 2025. EXPEDIENTE: 2026/G006/000038**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000038

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, CON NIF G15812530 PARA O ANO 2025.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

O 4 de setembro de 2025 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530 para o ano 2025. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita banda.



Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 03 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530 para o ano 2025.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**13. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN BRINCADEIRA CEDEIRA CON NIF G75445163. EXPEDIENTE: 2026/G006/000044**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000044

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN BRINCADEIRA CEDEIRA CON NIF G75445163.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOCIACIÓN BRINCADEIRA CEDEIRA con NIF G75445163.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.



Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades realizada pola ASOCIACIÓN BRINCADEIRA CEDEIRA con NIF G75445163.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada, unha vez xustificada a subvención, 717,88 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### **14. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN APADER PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15051741. EXPEDIENTE: 2026/G006/000045**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.02.2026, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2026/G006/000045

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN APADER PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G15051741.

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

O 29 de outubro de 2025 asinou o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación APADER. O obxecto do convenio de colaboración é para o financiamento dos investimentos precisos para o funcionamento da asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación APADER para o exercicio 2025 con NIF G15051741.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.000,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).





**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**15. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC MESTAS LGBTIQ CON NIF G21888631. EXPEDIENTE: 2026/G006/000046**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.02.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000046

**Asunto:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOC MESTAS LGBTIQ CON NIF G21888631.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades presentada pola ASOC MESTAS LGBTIQ con NIF G21888631.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 04.02.2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que na área de investimentos xustifican un gasto inferior ao anticipo do 70% da subvención, 552,93€. Visto que na área de actividades xustifican 882,12€ e tendo depositada unha garantía por importe de 375,00€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 13,12€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 42,55€. Polo tanto, o importe a reintegrar pola asociación sería de 29,43€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención para actividades e para investimentos realizada pola ASOC MESTAS LGBTIQ con NIF G21888631 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

**SEGUNDO.** Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada para investimentos e non xustificada por compensación, segundo o seguinte detalle:





| GARANTÍA<br>SUBVENCIÓN<br>ACTIVIDADES | ANTICIPO DA<br>SUBVENCIÓN<br>INVESTIMENTOS | IMPORTE A<br>DEVOLVER POLA<br>ASOCIACIÓN |
|---------------------------------------|--------------------------------------------|------------------------------------------|
| 375,00 €                              | 595,48 €                                   | 29,43 €                                  |
|                                       |                                            | <b>29,43 €</b>                           |

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

**TERCEIRO.** Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

| Nº Operación | Fase | Fecha      | Aplicación | Importe |
|--------------|------|------------|------------|---------|
| 320250000513 | SIA  | 01/01/2025 | 20510      | 361,88€ |
| 320240000532 | SIA  | 01/01/2025 | 20510      | 239,50€ |

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**16. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2026 (DP0043/2026)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.02.2026, que literalmente di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2026 (DP0043/2026)**

Vista a Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña que aproba as Bases reguladoras do Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2026.

Considerando que, segundo estas bases de convocatoria, o importe do orzamento de gastos debe estar ente 15.000 e 50.000 euros e a cuantía da subvención concedida estará entre os 3.000€ e os 30.000€, sendo o importe solicitado do 20% ao 60% do orzamento de gastos subvencionables.



Tendo en conta que a actividade que se ven desenvolvendo neste concello consistente no “VII edición do Concurso de Tapas de outono 2026” contribúe de maneira efectiva á dinamización económica, á promoción da hostalaría local e á participación activa da cidadanía. E que, constitúe unha medida de **promoción económica**, destinada á dinamización do sector hostaleiro local, ao fomento do consumo de proximidade e á xeración de actividade económica durante a tempada de outono, período no que tradicionalmente se produce unha diminución da demanda no sector servizos.

Visto que o orzamento para esta actividade ascende a 16.500€ ive incluído, desagregado do seguinte xeito:

- **Cea no establecemento gañador para sortear entre as persoas participantes:** 200 €
- **Publicidade e difusión en medios de comunicación e soportes dixitais:** 2.500 €
- **Contratación de actuacións musicais itinerantes (charangas e grupos de música tradicional):** 4.000 €
- **Adquisición de caixas de votación, cartelería e papeletas:** 2.200 €
- **Deseño e adaptación de material gráfico e promocional:** 400 €
- **Merchandising para repartir nos locais participantes (bolsas ou delantais):** 1.500 €
- **Premios e elementos identificativos do concurso (trofeos, diplomas, premios adicionais para público e categorías especiais):** 1.200 €
- **Showcookings:** 3.000 €
- **Aluguer de carpa para Showcookings:** 1.500 €

**PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.**-Solicitar subvención ao abeiro da Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña que aproba as Bases reguladoras do Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2026, por un importe de 9.900€ (un 60% do importe do orzamento da actividade que é o máximo a conceder)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 39/2026 DE DATA 22.01.2026 DE CORRECCIÓN DE ERRO E ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 35/2026 DE DATA 21/01/2026 DE CORRECCIÓN DE ERRO E ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 33/2026 DE DATA 20/01/2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A FINANCIACIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA A DESPOBOACIÓN**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 39/2026 de data 22.01.2026, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO E ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 35/2026 DE DATA 21/01/2026 DE CORRECCIÓN DE ERRO E ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 33/2026 DE DATA 20/01/2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A FINANCIACIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA A DESPOBOACIÓN**



Vista a Orden TED/1358/2021, de 1 de decembro, por a que establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la financiación de proyectos innovadores para la transformación territorial y la lucha contra la despoblación do Ministerio para la Transición ecológica y el Reto Demográfico

Visto o proxecto “**Centro Municipal de Innovación Deportiva de Cedeira. CMID Cedeira**” consistente na rehabilitación e dinamización dun espazo municipal en desuso no concello de Cedeira, co obxectivo de crear un centro multiusos de dinamización deportiva, social e económica, reutilizando unha infraestrutura existente, apostando por un modelo sostible de aproveitamento do patrimonio público.

Visto que dito proxecto contribúe de forma directa á loita contra a despoboación, mediante o fomento do emprendemento, a dinamización económica e a fixación de poboación xoven e feminina.

Tendo en conta que segundo a orden de convocatoria as axudas concedidas no poderán superar o 90 % do total do gasto subvencionable.

Detectado erro na Resolución 33/2026 de data 20/01/2026 de solicitude de subvención para a financiación de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra a despoboación, pois omitiuse involuntariamente a aprobación do citado proxecto.

Detectado erro relativo ao orzamento do proxecto na Resolución 35/2026 de data 21/01/2026 de corrección de erro e anulación da resolución 35/2026 de data 21/01/2026 de solicitude de subvención para a financiación de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra a despoboación.

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro, de régimen jurídico del Sector Público.

**Segundo.-** Deixar sen efecto a Resolución 35/2026 de data 21/01/2026 de corrección de erro e anulación da resolución 35/2026 de data 21/01/2026 de solicitude de subvención para a financiación de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra a despoboación por conter erros no orzamento do proxecto

**Terceiro.-** Aprobar o proxecto “**Centro Municipal de Innovación Deportiva de Cedeira. CMID Cedeira**” consistente na rehabilitación e dinamización dun espazo municipal en desuso no concello de Cedeira, co obxectivo de crear un centro multiusos de dinamización deportiva, social e económica, reutilizando unha infraestrutura existente, apostando por un modelo sostible de aproveitamento do patrimonio público.

**Cuarto.-** Solicitar subvención na Modalidade A ao abeiro da Orden TED/1358/2021, de 1 de decembro, por a que establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la financiación de proyectos innovadores para la transformación territorial y la lucha contra la despoblación do Ministerio para la Transición ecológica y el Reto Demográfico para o proxecto “**Centro Municipal de Innovación Deportiva de Cedeira. CMID Cedeira**” co seguinte orzamento emendado e importe solicitado:



| Nº | Denominación de la partida                                               | Clasificación contable del gasto | Tipo de gasto | Subtipo de gasto corriente | Gastos del proyecto | Importe solicitado | Importe total |
|----|--------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|----------------------------|---------------------|--------------------|---------------|
| 1  | Centro Municipal de Innovación y Deporte                                 | INVERSIÓN                        | -             | -                          | -                   | 85.500,00€         | 95.000,00€    |
| 2  | Gastos de personal directamente vinculado con el proyecto                | CORRIENTES                       | -             | -                          | -                   | 36.000,00€         | 40.000,00€    |
| 3  | Actividades de dinamización del Centro Municipal de Innovación y Deporte | CORRIENTES                       | -             | -                          | -                   | 52.605,00€         | 58.450,00€    |
| 4  | Revisión de la cuenta justificativa                                      | CORRIENTES                       | -             | -                          | -                   | 1.800,00 €         | 2.000,00 €    |

| TOTAL DE GASTOS DEL PROYECTO | IMPORTE TOTAL SOLICITADO |
|------------------------------|--------------------------|
| 195.450,00 €                 | 175.905,00 €             |

**Quinto.-** Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na Orde de Convocatoria

**Sexto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

#### 18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 55/2026 DE DATA 28.01.2026 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE CARTEIS 8M CEDEIRA 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 55/2026 de data 28.01.2026, que di:

#### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### **Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE CARTEIS 8M CEDEIRA 2026**

Conforme ao previsto no artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

En base ao anterior, a Concellería de Igualdade do Concello de Cedeira considera de interese a convocatoria do Concurso de Carteis 8M Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2026 figura unha partida para premios de cultura na partida 334.480.00, establécense nas Bases do presente Concurso premios por un importe total de 600 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) nº 220260000970.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.



Resultando que o prazo de inscrición para participar comeza o 2 de febreiro e é preciso aprobar a convocatoria e as bases do concurso antes da próxima Xunta de Goberno Local, prevista para o 6 de febreiro.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia pola necesidade urxente de aprobación da convocatoria e das bases do Concurso de Carteis 8M Cedeira ao abeiro do previsto no artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto para a convocatoria do Concurso de Carteis 8M Cedeira 2026 por un total de 600 euros na partida 334.480.00.

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases da convocatoria que se incorporan como anexo á presente Resolución.

**CUARTO.-** Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

**QUINTO.-** Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

## ANEXO

### “Concurso de Carteis 8M Cedeira” - Concellería de Igualdade – Concello de Cedeira - 2026

#### 1.OBXECTIVO

1. O **Concurso de Carteles 8M Cedeira** nace coa vocación de sumar efectivos na loita pola igualdade real entre mulleres e homes, así como a eliminación da desigualdade histórica que neste eido aínda persiste. Coa firme intención da sensibilización sobre este tema desde os primeiros anos de vida, dividimos o concurso en tres categorías clasificadas por idades.

#### 2. PARTICIPACIÓN

2.1 Este concurso está dividido en tres categorías:

- *Crianzas*, nadas despois do 2014
- *Xuvenil*, persoas nadas entre 2014 e 2008, ambos anos incluídos
- *Persoas adultas*: nadas antes do 2008

2.2 Admitirase un máximo de dúas obras por participante.

2.3 A técnica proposta para as obras é libre e deberá incluír un lema relacionado coa data 8M. Non serán valoradas aquelas obras que foran copiadas de outras existentes ou descargadas de bancos de imaxes na internet, así como imaxes xeradas con IA.

2.4 As imaxes deberán presentarse en formato físico en sobre pechado ou en arquivo dixital (jpg) cunha resolución de 300 ppp, tamaño mínimo A4 (3508 x 2480 píxeles). Todas as obras serán en formato vertical.

#### 3. TEMÁTICA

O Tema principal do cartel e do lema deberá estar relacionado coa promoción da igualdade entre mulleres e homes en calquera das súas expresións e manifestacións. Vaian coma exemplos as seguintes temáticas:

- A diferenza entre sexo e xénero.
- Cuestionamento dos roles de xénero tradicionais.
- A importancia de que mulleres e homes compartan por igual espazos de poder, de coidados, de lecer e responsabilidades.
- O valor da corresponsabilidade de tarefas na familia e no fogar.
- Prevención e sensibilización sobre actitudes, pensamentos e comportamentos que perpetúan a desigualdade entre mulleres e homes.



- Conciliación da vida familiar, profesional e persoal.
- A discriminación por sexo no ámbito laboral.
- O papel das novas masculinidades na igualdade real.
- A dobre xornada ou dobre presenza.
- A igualdade no acceso ás novas tecnoloxías da información.
- O mito da libre elección en calquera das súas expresións.
- Calquera outra temática que se considere pertinente e axeitada, a condición de que estea estreitamente relacionada coa igualdade e a loita contra o machismo.

#### 4. INSCRIPCIÓN

4.1 O prazo de inscrición para participar no concurso será do día 2 de febreiro ao 28 de febreiro de 2026

4.2 Os carteis poderán presentarse de calquera dos seguintes xeitos:

- fisicamente en sobre pechado na oficina do rexistro do concello, ou envíalo a través de correo ao seguinte enderezo:

Concello de Cedeira  
Rúa Real, 15  
15350 Cedeira, A Coruña

- formato dixital a través da sede electrónica do concello achegándoos nunha instancia xeral, ou na oficina de rexistro do concello de Cedeira entregando a obra nun pen drive. Horario de atención ao público da oficina de rexistro, de luns a venres de 9.00h a 14.00h.

En calquera dos casos deberá indicarse a participación no “Concurso de Carteis 8M” e a categoría na que se presenta. No suposto de presentar a obra fisicamente deberá incluírse un documento indicando, nome da persoa que, enderezo, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto. Nas categorías “Crianzas” e “Xuvenil” deberán incluírse os datos da nai/pai/titor/a da persoa menor participante.

#### 5. PREMIOS

Establécense os seguintes premios por categoría:

Crianzas – 200€  
Xuvenil – 200€  
Persoas adultas - 200€

O prazo para reclamar o importe do premio será ata o 8 de abril de 2026. Pasado dito prazo **entenderase que a persoa beneficiaria renuncia ao premio e perde o dereito a reclamar o seu importe.**

#### 6. SELECCIÓN

6.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas propostas desde a concellería de igualdade serán as encargadas da elección das tres obras premiadas.

A valoración da comisión seguirá os seguintes criterios:

1. Mensaxe transmitido acorde coa visibilidade de diferentes expresións de desigualdade entre mulleres e homes.
2. Orixinalidade cós temas elixidos, así como a perspectiva dende a que se traten
3. Creatividade
4. Calidade do deseño / lema

6.2 Unha vez seleccionadas as obras en cada categoría será comunicado o fallo da comisión ás persoas gañadoras, así como o procedemento para acceder ao premio, que serán entregados o día 8 de marzo nos actos organizados desde esta concellería para esa data.

6.3 Os traballos premiados quedarán en posesión deste concello para a súa utilización desde a concellería de igualdade, sendo esta a única autorizada para a súa publicación.

6.4 Os traballos presentados e non premiados poderán ser retirados polas persoas propietarias no prazo de dúas semanas desde que se teña fallado.

6.5. A comisión resérvase o dereito de declarar deserto o concurso.



## 7. CONFORMIDADE

7.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

7.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.

Lucía Picos Aneiros

**Concelleira-Delegada de Igualdade”**

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 19. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL  
MARÍA DEL MAR ANTÓN BRAGE